

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AUGAS DE GALICIA**

EXTRACTO da Resolución do 26 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrència competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais das redes de saneamento para a detección de infiltracións, e se convocan para o ano 2024, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento AU301D).

BDNS (Identif.): 741011.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (BDNS): <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Poderán ser entidades beneficiarias destas subvencións os concellos responsables de sistemas de saneamento cunha poboación total igual ou inferior a 50.000 habitantes, segundo cifras de poboación acordes co establecido no Real decreto 1037/2022, do 20 de decembro, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2022.

Non poderán ser beneficiarios os concellos que xa o fosen ao abeiro da convocatoria do ano 2022, convocada pola Resolución do 23 de agosto de 2022, salvo que, unha vez notificada a resolución de concesión, renunciase á subvención no prazo establecido no artigo 19 das bases da convocatoria.

Segundo. *Obxecto*

Establecer as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrència competitiva, para a realización de auditorías municipais das redes de saneamento para a detección de infiltracións, e convocar estas subvencións para o ano 2024 (código de procedemento AU301D).



Terceiro. Bases reguladoras

Publícase conxuntamente este extracto coa Resolución do 26 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrència competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais das redes de saneamento para a detección de infiltracións, e se convocan para o ano 2024, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento AU301D).

Cuarto. Importe

As subvencións reguladas ao abeiro desta resolución financiaranse con cargo á conta financeira 6566 (subvencións de capital a corporacións locais) da entidade pública empresarial Augas de Galicia, por importe de trescentos mil euros (300.000 €).

O importe das subvencións será do 80 % do investimento subvencionable, co límite máximo de quince mil euros (15.000 €) por solicitude, ata esgotar o crédito previsto nesta resolución.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2024

Ethel M^a Vázquez Mourelle
Presidenta de Augas de Galicia

CVE-DOG: n0jwcnz9-dgx6-xny4-kdn2-eljldkl6wqa0

